

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	BEGONTE
Edificio	Igrexa de Santiago de Baamonde
Dirección	Rúa do Museo, 10. 27371
	43.17395198126324 -7.759537471188107
Protección	
Descrición	<p>Edificación relixiosa feita en cantaría granítica e de xisto, de planta rectangular e cuberta a dúas augas na nave, catro no presbiterio e tres na sancristía. Os muros laterais presentan contrafortes. Na cornixa vemos un conxunto de once canzorros e un Agnus Dei.</p> <p>Na fachada principal vemos unha porta de acceso composta de dúas arquivoltas na que destacan unha serie de pequenos arcos apuntados. O conxunto posúe capiteis con motivos vexetais. Máis arriba unha pequena ventá oxival xeminada e, de remate, unha espadana dun só corpo e dous ocos.</p> <p>Nunha das fachadas laterais existe outra porta de acceso, similar á porta principal. No interior destaca un arco triunfal con arco apuntado. Tamén podemos ver dous sartegos que foron feitos para un sobriño do bispo Vaamonde e outro para a súa dona Constanza de Castro (filla bastarda do mariscal Pardo de Cela), pero que nunca foron utilizados.</p> <p>Esta igrexa comezou a construírse no século IX (do que se conserva un perpiaño prismático que foi utilizado como pía bautismal), con posteriores reformas e modificacións no século XII (a nave) e XV (a capela maior). Foi derrubada no ano 1101, época da Revolta Irmandiña, e volta a por en pé por Pedro Arias Vaamonde, bispo de Mondoñedo.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	16-10-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Espadana	<u>Menor.</u>	<u>OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</u>	2001		
Espadana	<u>Maior.</u>	<u>OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</u>	2001		

Información completa: [Igrexa de Santiago de Baamonde - BEGONTE \(GALICIA\)](#)

PDF (21-05-2026)